

PROGRAMA ANUAL
DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
E EXTRAESCOLARES
2023-2024

(aprobado na sesión do Consello Escolar do día 26 de setembro de 2023)

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

esadg
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	1
1.1	XESTIÓN DESTAS ACTIVIDADES	1
2.	PROPÓSITOS XERAIS E OBXECTIVOS	2
3.	PLAN DE ACCIÓN	3
4.	RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES E ARTÍSTICAS	4
4.1	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	4
4.2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	6
4.3	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS	7
5.	A ACTIVIDADE E ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA	8
6.	FICHAS DAS ACTIVIDADES	8
7.	NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES	18



1. INTRODUCCIÓN

O **Decreto 324/1996**, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, establece no seu artigo 2 que os centros de características especiais se rexerán polo devandito regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas. No caso do noso centro, a norma que desenvolve o marco establecido polo antedito Decreto é a **Circular 18/2006**, pola que se ditan instrucións para a organización e funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Nesa Circular indícase que a programación xeral anual do centro se estruturará en catro capítulos. No capítulo terceiro deberá integrarse o **Programa anual de actividades complementarias e extraescolares**, que debe incluír:

- a) As **actividades complementarias**, que se han desenvolver en horario lectivo e deben formar parte das programacións docentes. Entre elas, a Circular 18/2006 inclúe as "*visitas escolares, congresos, funcións escénicas, conmemoracións e outras semellantes*".
- b) As **actividades extraescolares** de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades. Estas realizaranse fóra do horario lectivo e non formarán parte das programacións.
- c) As **actividades artísticas** que se vaian celebrar dentro ou fóra do recinto escolar.
- d) A organización, o funcionamento e o horario da **biblioteca**, da fonoteca e da videoteca da escola.

Como recolle a Circular 18/2006 no seu artigo 11, "*a participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria, agás as actividades complementarias realizadas no centro*".

1.1 Xestión destas actividades

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, departamento cuxa xefatura ostenta a vicedirección nos centros nos que existe ese cargo, como é o caso da ESADg. Para a xestión desas actividades, o Decreto 324/1996, no seu artigo 66, márcalle á vicedirección:

- **Elaborar o programa anual** destas actividades, para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e as orientacións do claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- **Programar** cada unha das actividades **especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado**.



- **Proporcionar** ao alumnado a **información** relativa ás actividades.
- **Promover e coordinar as actividades culturais** en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos e a xunta de delegadas/os.
- **Coordinar** a organización das viaxes de estudos, os **intercambios escolares e calquera tipo de viaxes** que se realicen co alumnado.
- **Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto**, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.
- **Elaborar unha memoria final** de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Presentarlle propostas ao equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Neste curso académico procederemos a detallar xa no Programa anual eses "*obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado*" dos que máis arriba se fala, coa intención de, por un lado, difundir mellor as actividades entre a comunidade educativa e, por outro lado, facilitar a avaliación final do Programa anual.

2. PROPÓSITOS XERAIS E OBXECTIVOS

A maiores de cumprir coa normativa de referencia, as actividades complementarias e extraescolares deste curso porán o foco en dous propósitos:

- a) Impulsar a mellora da **convivencia**, da **aprendizaxe colaborativa** e da **calidade artística e pedagóxica** na ESADg.
- b) Proxectar o **valor artístico e académico da escola e dos seus estudos**.

Para cumprir co primeiro destes propósitos, estableceranse os obxectivos de:

1. Apoiar e **optimizar as actividades de colaboración interdisciplinar** da escola.
2. Coidar o **valor pedagóxico das presentacións e mostras de procesos** realizadas.
3. **Impulsar a actividade da biblioteca**, co fin de a converter nun espazo de uso máis frecuente e óptimo.
4. Mellorar a **socialización e posta en valor das actividades desenvolvidas** na ESADg.

En relación ao segundo propósito, é intención da ESADg:

5. Manter e **ampliar acordos e proxectos con entidades relevantes** a nivel social, pedagóxico, artístico, investigador ou polo seu fomento da empregabilidade.
6. **Transformar o espazo da escola** de xeito que se volva máis agradable, cómodo, seguro e estimulante para a creación artística.
7. Promover a **difusión das iniciativas pedagóxicas e dos traballos artísticos de calidade** que se xeren nas aulas.

3. PLAN DE ACCIÓN

Para cada un dos obxectivos indicados, estableceranse unha accións que axudarán a acadalos. Son as seguintes:

Obxectivo 1 : Optimizar as actividades de colaboración interdisciplinar

- **Acción 1:** Establecer unha figura externa que coordine os Obradoiros Integrados de 4º curso [desde de setembro 2023 a marzo de 2024] e que realice, ao final do proceso, un informe [maio de 2024], no que se contemplen pautas de acción para cursos posteriores en base á avaliación [abril de 2024] de todas as participantes no proceso.
- **Acción 2:** Facer un seguimento das actividades de colaboración interdisciplinar e, a partir del, elaborar un informe final [maio de 2024] sobre as súas posibilidades de mellora futura.
- **Acción 3:** Establecer un Plan Estratéxico de Coordinación Interdisciplinar [xuño de 2024] entre todo o equipo docente, que será sometido á valoración do Consello Escolar [xullo de 2024] e implantado no seguinte curso escolar [2024-2025].

Obxectivo 2 : Coidar o valor pedagóxico das presentacións e mostras de procesos

- **Acción 4:** Realizar un rexistro máis sistemático das mostras da ESADg, facilitando a súa posterior difusión.
- **Acción 5:** Organizar debates, charlas e coloquios logo das mostras [decembro de 2023 e maio de 2024], coordinados por persoas alleas ao grupo que realice as representacións.

Obxectivo 3 : Impulsar a actividade da biblioteca

- **Acción 6:** Converter a biblioteca no centro de referencia das actividades interdisciplinares.
- **Acción 7:** Estender o horario, actividades, funcionalidade e usos da biblioteca.

Obxectivo 4 : Socialización das actividades

- **Acción 8:** Impulsar mostras didácticas e aulas abertas dirixidas tanto á comunidade escolar como a visitantes externas.
- **Acción 9:** Crear espazos permanentes onde se poidan exhibir traballos artísticos e pedagóxicos da escola.

Obxectivo 5 : Ampliar acordos e proxectos con entidades relevantes

- **Acción 10:** Crear proxectos con entidades que fomenten a capacitación laboral do alumnado.
- **Acción 11:** Establecer plans conxuntos con máis entidades de referencia da cultura e da escena galegas.



Obxectivo 6 : Transformar o espazo da escola

- **Acción 12:** Personalizar os espazos do centro, de xeito que aumente a súa polivalencia e habitabilidade.
- **Acción 13:** Facilitar o uso de novos espazos no interior e no exterior do centro para actividades complementarias, extraescolares e artísticas.

Obxectivo 7 : Difusión dos traballos da ESADg

- **Acción 14:** Mellorar a presenza nas redes e en diarios dos traballos escénicos e pedagóxicos da ESADg.
- **Acción 15:** Difundir os traballos artísticos xurdidos na escola, en especial os de 4º curso.

Este plan de acción buscará a súa expresión nas actividades que a continuación se recollen, orientando a xestión, o desenvolvemento e o aproveitamento pedagóxico que delas se vaia realizar.

4. RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES E ARTÍSTICAS

4.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

AC1 - Mostras, aulas abertas e instalacións	
AC1.1 Traballos finais de estudos	Dec e Xuñ-Xull
AC1.2 Obradoiros integrados de 4º curso	
a) Obradoiro da Sala Pedra Seixa	Mar
b) Obradoiro da Sala Ártika	Mar
AC1.3 Mostras interdisciplinares	
a) Mostra de <i>Espazo escénico II</i> (1º Esc) e <i>Composición escénica II</i> (1º DED)	Mai
b) Mostra de <i>Movemento expresivo I</i> (1º Int) e <i>Espazo escénico I</i> (1º Esc)	Dec
c) Mostra de <i>Iluminación II</i> (2º Esc), <i>Iluminación IV</i> (3º Esc), <i>Teoría e análise dramática</i> (1º Int), <i>Literatura dramática I</i> (1º Int), <i>Danza I e II</i> (1º Int) e <i>Iniciación á coreografía</i> (3º Int)	Mai
d) Mostra de <i>Teoría e análise dramática</i> (1º DED), <i>Música e canto II</i> (1º DED), e <i>Linguaxe musical II</i> (1º Int)	Mai
e) Mostra de <i>Dramaturxia IV</i> (3º Dra) e <i>Dramaturxia II</i> (3º Esc)	Mai
f) Mostra de <i>Iluminación IV</i> (3º Esc), <i>Obradoiro I de escenografía</i> (3º Esc) e <i>Prácticas de dirección escénica I e II</i> (3º Dir)	Mai
g) Mostra de <i>Interpretación V</i> (3º IntXes) e <i>Escenificación III</i> (3º Dir)	Dec
AC1.4 Mostras disciplinares	
a) Mostra de <i>Composición escénica II</i> (1º DED)	Mai
b) Mostra de <i>Dirección actoral I</i> (2º DED)	Dec



c)	Mostras de <i>Escrita dramática III</i> (2º DED)	Dec
d)	Mostras de <i>Prácticas de escenificación</i> (2º DED)	Mai
e)	Mostra de <i>Interpretación IV</i> (2ºA Int)	Mai
f)	Mostra de <i>Interpretación IV</i> (2ºB Int)	Mai
g)	Mostra de <i>Dramaturxia III</i> (3º Dra)	Dec
h)	Mostra de <i>Escrita dramática V</i> (3º Dra)	Dec
i)	Mostra de <i>Escrita dramática VI</i> (3º Dra)	Mai
j)	Mostra de <i>Interpretación V</i> (3ºA Int)	Dec
k)	Mostra de <i>Interpretación V</i> (3ºB Int)	Dec
l)	Mostra de <i>Interpretación VI</i> (3ºA Int)	Mai
m)	Mostra de <i>Interpretación VI</i> (3ºB Int)	Mai
n)	Mostra de <i>Canto coral I</i> (3º Int)	Dec
o)	Mostra de <i>Canto coral II</i> (3º Int)	Mai
p)	Mostra de <i>Escenificación</i> (4º Int)	Dec
AC1.5 Aulas abertas		
a)	Clase aberta de <i>Interpretación II</i> (1ºA Int)	Mai
b)	Clase aberta de <i>Interpretación II</i> (1ºB Int)	Mai
AC1.6 Instalacións e exposicións		
a)	Instalación de <i>Deseño asistido por ordenador I e II</i> (2º Esc)	-
b)	Instalación de <i>Deseño de Espectáculos Multidisciplinares</i> (4º Esc)	Dec
AC2 - Celebracións e conmemoracións		
AC2.1 Inauguración do curso		25 Out
a)	Exposición de memorabilia	
b)	Lección inaugural	
c)	Nomeamento dun espazo da escola	
d)	Accións performativas	
e)	Obradoiro	
AC2.2 Festa do Magosto		10 Nov
AC2.3 Día Internacional contra a Violencia de Xénero		circa 25 Nov
AC2.4 Día Mundial da Commediadell'Arte		circa 25 Fev
AC2.5 Día Internacional da Muller		8 Mar
AC2.6 Día Mundial do Teatro		27 Mar
a)	Presentación da Erregueté e a súa colección editorial	
AC2.7 Día Mundial da Danza		27 Abr
AC2.8 Día da Lingua Portuguesa		5 Mai
AC2.9 Semana das Letras Galegas		13 a 17 Mai
AC2.10 Día Internacional do Orgullo LGBTQ+		28 Xuñ
AC2.11 Gala de Graduación da promoción 2019-2024		Xul
AC3 - Saídas didácticas		
AC3.1 Visitas a referentes escénicos e/ou audiovisuais		
a)	Visita ao Museo da Marioneta de Lalín	28 Set
AC4 - Exposicións		
AC4.1 Exposicións fóra da ESADg		
a)	Exposición na Casa da Xuventude	-
b)	Exposición na Casa da Cultura de Cangas	Mar
AC4.2 Exposicións na sé da ESADg		
a)	Exposicións da Sección Bilingüe de portugués da ESADg	



AC4.3 Presentacións de materiais bibliográficos e audiovisuais de proxectos vinculados coas artes escénicas ou audiovisuais

AC5 – Charlas, encontros, conferencias e presentacións

AC5.1 Presentación da memoria de actividades do curso 2023-2024	Set
AC5.2 Charlas de especialistas nos contidos de disciplinas impartidas no centro	
a) Encontros organizados pola Sección Bilingüe de portugués da ESADg.	Ao longo do curso
AC5.3 Encontros con profesionais das artes escénicas	
a) Encontros con profesorado Erasmus+	Ao longo do curso
b) Encontros con artistas visitantes	Ao longo do curso
1. Palestra con Joana von Mayer e Hugo Calhim Cristovão	
AC5.4 Presentacións de iniciativas culturais	
a) Presentación do libro "A cultura é un dereito", coordinado por Alberto de Boiro e publicado pola Deputación de A Coruña	27 Out

AC6 – Difusión e promoción dos estudos escénicos na sede da ESADg

AC6.1 Actividades na ESADg con alumnado de secundaria
AC6.2 Encontros e actividades con profesorado Erasmus+

AC7 – Inserción laboral e fomento da empregabilidade

AC7.1 Proxecto CDGLab	
a) Os oficios técnicos e as infraestruturas escénicas	24 Xan
b) Os oficios artísticos e o proceso de creación	14 Mar
c) O acceso ao sector escénico e audiovisual	30 Nov
d) A promoción dun espectáculo: o pitching	17 Abri

AC8 – Outras actividades

AC8.1 Carrozas de Reis	Dec
-------------------------------	-----

4.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

AE1 – Actividades formativas

AE1.1 Cursos de profesionais externos promovidos pola ESADg	Ao longo do curso
AE1.2 Cursos promovidos pola AESAD	
a) Curso de <i>Esgrima escénica</i> , con Aldán Acosta	4 Out
b) Curso de <i>Adestramento físico actoral</i> , con Antonio Puga	24 Out
c) Outros cursos aínda non concretados	
AE1.3 Ciclo de cine	Sen determinar

AE2 – Actividades externas de promoción

AE2.1 15º aniversario da Especialidade de Escenografía	2º cuadrimestre
AE2.2 Participación en Edugal	Out '23
AE2.3 Participación no FIOT Carballo	Out '23
AE2.4 Participación en Edugal	4, 5 e 6 Out
AE2.5 Participación en InnovArt	Sen determinar



AE2.6 Participación na feira de ensinanzas artísticas	Sen determinar
AE2.7 Charlas, mostras e cursos de promoción das ensinanzas impartidas pola ESADg	Ao longo do curso

AE3 – Outras actividades extraescolares

AE3.1 Simulación médica no Hospital Álvaro Cunqueiro	Todo o curso
AE3.2 Encontros entre as literaturas italiana e galaico-española	Por determinar
AE3.3 Colaboración coa Asociación Miguel Romero Esteo	
a) Relatorio sobre teatro galego	Nov
b) Organización dun congreso	
c) Presentación dun TFE	Xul
AE3.4 Propostas externas que fomenten a empregabilidade do alumnado	Sen determinar
a) Castings	
b) Ofertas laborais vinculadas co traballo escénico e audiovisual	

4.3 ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

AA1 – Actividades artísticas propias ou nas que colabora a ESADg

AA1.1 Celebración do 170 aniversario do Faro de Vigo	26 outubro
AA1.2 Coro da ESADg	Ao longo do curso
AA1.3 Dramaturxias itinerantes	22 Nov
AA1.4 Colaboracións con Centros Superiores de Ensinanzas Artísticas	
a) Representación de <i>Le Villi</i> , de Puccini, xunto co CSM Coruña e a EASD PabloPicasso.	
AA1.5 Colaboracións coa EAV	
AA1.6 Participación en eventos artísticos externos	
a) Participación na Giornata Mondiale della Commedia dell'Arte	21 a 26 Feb
b) Participación no Setkání/Encounter	16 a 20 Abr
AA1.7 Participación en encontros e proxectos entidades nacionais e internacionais asociadas á ESADg	Ao longo do curso
a) Proxecto Nós/Nous	
AA1.8 Proxecto Xanela	Out '23 – Xuñ '24
AA1.9 II Edición dos Premios Emilia Pardo Bazán	Nov

AA2 – Acollida de espectáculos e eventos externos

AA2.1 Espectáculos de entidades asociadas á ESADg	Ao longo do curso
AA2.2 Aluguer da Sala Pedra Seixa para eventos externos	Ao longo do curso



5. A ACTIVIDADE E ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O Servizo de Biblioteca pretende chegar neste curso ao maior número posible de alumnado, especialmente no desenvolvemento do "Club de lectura Escena-ESADG", incidindo tamén na difusión de todas as obras audiovisuais. Como o ano pasado, tentárase dinamizar a biblioteca cun equipo de docentes axeitado ás actividades que se van programar, incluído o deseño de carteis e outros materiais de difusión. A intención é crear un espazo de convivencia, creación e coñecemento que chegue a toda a comunidade educativa. A partir de diversas propostas relacionadas co teatro e as artes vencelladas ao mesmo, diversos profesionais galegos acudirán á ESADg para achegar o seu saber ao espazo da biblioteca.

Para estas actividades é necesaria a coordinación no Servizo de determinados docentes que acheguen as súas ideas e desenvolvan tarefas concretas.

O servizo conta cunha bibliotecaria que xestiona o préstamo, a catalogación e tamén as doazóns procedentes de diferentes ámbitos.

Tarefas do Servizo de Biblioteca	Horario
Servizo de préstamo	Luns, mércores e xoves, de 15:00 a 19:00
Sala de lectura	Luns, martes, mércores, xoves e venres, de 10:00 a 14:00
Difusión e deseño das actividades	-
Creación, coordinación e realización das actividades	-

As actividades programadas polo Servizo de Biblioteca serán as detalladas no seguinte cadro:

Actividade	Impartida / Coordinada por	Data
Convocatoria do Premio Biblioteca Álvaro Cunqueiro de pezas breves	Por determinar	Novembro
Taller de dirección artística de teatro e cine	Euloxio Rodríguez Ruibal	Xaneiro
Club de lectura	Equipo do servizo	Desde finais do 1º cuadrimestre
Xornadas de poesía e poesía e teatro	Por determinar	Febreiro
Lecturas dramatizadas de textos teatrais	Por determinar	Marzo
Encontro Dramaturga 20	Por determinar	Por determinar
Da interpretación á dirección de longametraxes	JorgeAlgora	Novembro

6. FICHAS DAS ACTIVIDADES

Boa parte das actividades realizadas na ESADg dependen da evolución propia dos procesos de ensino-aprendizaxe, así como das múltiples propostas que durante os próximos meses irán facendo diferentes entidades e organizacións coas que a ESADg



colabora. Por isto, neste punto non detallaremos as fichas de todas as actividades propostas, senón só as que, no momento da aprobación deste Programa polo Consello Escolar, están xa máis definidas. Nos próximos meses acabarán concretándose todas elas de igual modo, detallándose as docentes responsables de cada actividade, os obxectivos e descrición da mesma, alumnado implicado e o modo de selección (se for o caso), período e lugar de realización, repercusións económicas e necesidades específicas.

AC1.1 - Traballos finais de estudos	
Docente/s responsable/s	Equipo docente da ESADg
Obxectivo	Desenvolver o proceso completo dos TFE.
Descrición	Número variable de traballos de índole maioritariamente escénica, acompañados pola respectiva memoria e acto de defensa diante dun tribunal.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de todas as especialidades de 4º curso.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Preparación durante todo o curso escolar. Ensaio, prioritariamente entre abril e xuño. Exhibición e defensas, nos meses de decembro, xuño e xullo.
Repercusións económicas	As que o centro determine na partida dos orzamentos anuais dedicadaa esta disciplina.
Necesidades que se prevén	A maior necesidade que os TFEs requiren é de índole espacial. O gran número de traballos presentados (xeralmente, entre 15 e 20), tensa as infraestructuras do centro, limitadas en exceso contra o final do curso, a época na que a maioría dos TFEs se presentan.
AC1.2 - Obradoiros integrados de 4º curso	
Docente/s responsable/s	Equipo docente das disciplinas de Obradoiro de 4º curso.
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado dos Obradoiros de 4º curso de todas as especialidades.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Planificación e ensaio das producións desde o inicio do curso até o mes de marzo, empregándose aulas prácticas (fundamentalmente a P3 e a P4, mais tamén a P2 e a Sala Pedra Seixa para probas puntuais). A Biblioteca constitúe o lugar de reunión conxunta. A exhibición dos traballos realizarase durante a semana do 18 ao 22 de marzo, na Sala Pedra Seixa e, posiblemente, na Sala Artika.
Repercusións económicas	As que o centro determine na partida dos orzamentos anuais dedicada a esta disciplina.
Necesidades que se prevén	Aínda non contempladas. Serán xestionadas máis adiante polo Departamento de Producción.
AC1.3 - Mostras interdisciplinares	
AC1.4 - Mostras disciplinares	
AC1.5 - Aulas abertas	



Docente/s responsable/s	Profesorado das disciplinas desde as cales se preparen esas mostras.
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado das disciplinas desde as que se preparen esas mostras.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Período de mostras do 1º cuadrimestre (do 14 ao 21 de decembro) e do 2º cuadrimestre (20 ao 31 de maio).
Repercusións económicas	Entre as mostras interdisciplinares de 1º a 3º curso repartirase unha partida do orzamento anual especificamente dedicada a elas. O resto de mostras correrán a cargo das dotacións económicas do departamento didáctico de cada disciplina.
Necesidades que se prevén	Aínda non contempladas. Serán xestionadas máis adiante polo Departamento de Produción.

AC1.3e – Mostra de Dramaturxia IV (3º Dra) e Dramaturxia II (3º Esc)

Facer palabras con cousas

Docente/s responsable/s	Joan Giralt-Bailach
Obxectivo	Visibilizar o traballo práctico autónomo (105 horas) do alumnado de Dramaturxia III en 3º Dra, integrado co traballo autónomo (30 horas) do alumnado de Dramaturxia II de 3º Esc.
Descrición	Mostra escénica de dúas pezas vinculadas ao teatro das cousas (teatro de obxectos) e a dramaturxia fenomenolóxica e procesual.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de 3º de Dramaturxia e de 3º de Escenografía.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Maio
Repercusións económicas	Unha partida do orzamento anual especificamente dedicada á integración.
Necesidades que se prevén	Dúas aulas prácticas de traballo en horario de tarde para desenvolver 105 horas de traballo autónomo. Aula/s para a mostra das pezas resultantes.

AC1.4c – Mostra de Escrita Dramática III (2º DED)

Tanta tinta tanta

Docente/s responsable/s	Joan Giralt-Bailach
Obxectivo	Dar a coñecer en lectura pública/posta en voz os textos escritos polo alumnado de 2º DED na disciplina de Escrita dramática III.
Descrición	Lectura dramática completa das nove pezas escritas no curso, distribuídas en tres ou catro sesións.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todo o alumnado de 2º de DED que teña completado o proceso de escrita dunha peza dramática propia. Alumnado: 9 persoas.



Período/s e lugar/es de preparación/realización	Decembro. Aula axeitada para a lectura e recepción das pezas elaboradas no 1º cuadrimestre.
Repercusións económicas	A cargo da partida do Departamento de Dirección escénica e Dramaturxia.
Necesidades que se prevén	Espazo para a lectura e recepción. Catro sesións para distribuír as 9 persoas participantes.

AC1.4g – Mostra de Dramaturxia III (3º Dra) *Coreografiar a atención*

Docente/s responsable/s	JoanGiralt-Bailach
Obxectivo	Mostrar os traballos prácticos de dramaturxia procesual do alumnado. Visibilizar o itinerario.
Descrición	Mostra das composicións dramaturxicas vinculadas á danza, a danza-teatro ou o teatro físico. Presentación das dramaturxias procesuais resultantes do traballo autónomo de 60 horas.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de 3º de Dramaturxia (2 persoas)
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Decembro
Repercusións económicas	A cargo da dotación económica do Departamento de Dirección escénica e dramaturxia.
Necesidades que se prevén	Dúas aulas prácticas para o traballo autónomo do alumnado (60h) pola tarde. Aula prácticas para a mostra dos dous traballos.

AC1.4h – Mostra de Escrita dramática V (3º Dra) *A película que non se ve*

Docente/s responsable/s	JoanGiralt-Bailach
Obxectivo	Visibilizar e difundir o traballo do alumnado do itinerario de Dramaturxia
Descrición	Lectura pública dos guións de dúas curtametraxes compostas polo alumnado.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de 3º de Dramaturxia: 2
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Decembro
Repercusións económicas	A cargo da dotación económica do Departamento de Dirección escénica e dramaturxia.
Necesidades que se prevén	Aula axeitada para a lectura pública e a recepción, nunha mesma sesión.

AC1.4i– Mostra de Escrita dramática VI (3º Dra) *Pilotar a dúas mans*

Docente/s responsable/s	JoanGiralt-Bailach
Obxectivo	Visibilizar e difundir o traballo do alumnado do itinerario de Dramaturxia.



Descrición	Lectura pública do guión piloto dunha serie audiovisual composta polo alumnado.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de 3º de Dramaturxia: 2
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Maio
Repercusións económicas	A cargo das dotacións económicas do Departamento de Dirección escénica e dramaturxia.
Necesidades que se prevén	Aula axeitada para a lectura pública e a recepción, nunha mesma sesión.

AC1.6 - Instalacións e exposicións

Docente/s responsable/s	Profesorado das disciplinas desde as cales se preparen esas instalacións.
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado das disciplinas desde as que se preparen estas actividades.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Ao longo de todo o curso, coa sede da ESADg como destino preferente para as instalacións
Repercusións económicas	Aínda non contempladas.
Necesidades que se prevén	Aínda non contempladas.

AC2.1 - Inauguración do curso

Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Impulsar o novo curso escolar estreitando os vínculos entre a comunidade académica e a profesión teatral galega.
Descrición	Exposición de memorabilia. Acto formal na Sala Pedra Seixa, con breves discursos de personalidades. Lección inaugural a cargo dunha artista galega. Nomeamento dun espazo da ESADg. Obradoiro coa artista convidada.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Aínda por determinar.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	25 de outubro, a partir das 11:00, en diferentes espazos da ESADg.
Repercusións económicas	Aínda por determinar.
Necesidades que se prevén	Aínda por determinar.

AC2.3 - Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Docente/s responsable/s	Aínda por determinar
Obxectivo	
Descrición	Entre outras actividades que se promoverán, haberá un



	coloquio con dúas das protagonistas do documental <i>O teito amarelo</i> , de Isabel Coixet.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Aínda por determinar.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Nos días próximos ao 25 de novembro.
Repercusións económicas	Aínda sen determinar.
Necesidades que se prevén	Aínda sen determinar.

AC2.6a – Presentación da Erregueté e a súa colección editorial

Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Visibilizar a única publicación de artes escénicas de Galicia entre a comunidade escolar da ESADg. Convidar a participar ás persoas que poidan estar interesadas na revista. Achegar os textos teatrais orixinais e as traducións publicadas.
Descrición	A <i>erregueté</i> / REVISTA GALEGA DE TEATRO leva 40 anos, desde setembro de 1983, recollendo o que acontece nos escenarios e arredor dos escenarios de Galicia. Trátase dunha publicación aberta a todas as persoas relacionadas, directa ou indirectamente coas artes escénicas en toda a súa rica diversidade. Nela veñen colaborando, desde hai moitos anos, persoas vinculadas coa ESADg. Por tanto, é un espazo idóneo para a reflexión e difusión do noso traballo. Posúe unha edición online (www.erreguete.gal) e a publicación en papel a toda cor da revista, desde 2021, dous números anuais, que saen a final do primeiro e do segundo semestre do ano. Ademais, tamén publica unha colección de libros con pezas de dramaturxia contemporánea.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todo o alumnado de 2º de DED que teña completado o proceso de escrita dunha peza dramática propia. Alumnado: 9 persoas.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Día Mundial do Teatro

AC5.1 - Presentación da memoria de actividades do curso 2023-2024

Docente/s responsable/s	Vicedirección
Obxectivo	Darlle a benvida ao alumnado do curso 2024-2025 mediante unha revisión e avaliación das actividades do curso anterior.
Descrición	Acto informativo, lúdico e, á vez, pedagóxico. Con toda a comunidade escolar presente, farase unha recapitulación das múltiples actividades realizadas no curso anterior, contando coa intervención de múltiples persoas que participaron activamente no curso pasado. Haberá imaxes, vídeos, recordos e bos propósitos para o curso que empeza. Servirá, ao mesmo tempo, para informar ao alumnado de 1º curso da



	vida escolar que lle agarda nos anos a seguir.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todo o alumnado.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Primeiro día lectivo do curso escolar 2024-2025
Repercusións económicas	Aínda sen determinar
Necesidades que se prevén	Aínda sen determinar

AC5.3b1 – Palestra con Joana von Mayer Trindade e Hugo Calhim Cristovão

Docente/s responsable/s	Afonso Becerra Arrojo
Obxectivo	Coñecer o traballo de dramaturxia no ámbito da danza e no cruzamento coa teoría e a filosofía. Establecer pontes cunha plataforma de creación, investigación e formación do país veciño, Portugal. Participar nunha actividade en lingua portuguesa que nos axude a facer ouvido e a achegarnos á lingua e cultura de Portugal de cara a futuras colaboracións, quer no ámbito formativo, quer no ámbito artístico e laboral.
Descrición	A NuisisZobop é unha plataforma de creación, investigación e formación en artes performativas, con sede no Porto (Portugal). Nos seus espectáculos de danza, a dramaturxia e a coreografía fráganse sobre un substrato teórico e filosófico especial. As súas pezas fíncanse nunha heterodoxia que expande os límites e dilúe os prexuízos sobre o traballo co corpo. Nos seus procesos de creación colaboran investigadoras/es de diversos ámbitos e inclúen seminarios e laboratorios.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de Dramaturxia e Interpretación Xestual. Alumnado das disciplinas da sección bilingüe de portugués. Alumnado de 4º curso, susceptible de participar no Proxecto Nós/Nous. En xeral, toda a comunidade escolar da ESADg.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Por confirmar.

AC7.1a - Os oficios técnicos e as infraestruturas escénicas

Docente/s responsable/s	Por determinar
Obxectivo	Coñecer de primeira man os oficios técnicos do teatro e o funcionamento das infraestruturas escénicas
Descrición	Encontro cos diferentes departamentos técnicos do Centro Dramático Galego (xastrería, estrutura escénica, tremoia, iluminación, son e audiovisual). Visita guiada polo Salón Teatro. Asistencia, pola tarde, a un espectáculo do CDG.
Alumnado implicado	1º curso de todas as especialidades



(e modo de selección)

Período/s e lugar/es de preparación/realización 24 de Xaneiro, no Salón Teatro (Santiago de Compostela)

Repercusións económicas Desprazamento do alumnado a Santiago de Compostela.

Necesidades que se prevén

AC7.1b - Os oficios artísticos e o proceso de creación

Docente/s responsable/s Por determinar

Obxectivo Coñecer os oficios artísticos e o proceso de creación

Descrición Visita ao Salón Teatro durante os ensaios dunha produción, co fin de coñecer os equipos artísticos que a integran e o seu proceso de traballo. Visita á Nave do CDG, almacéns, espazos de construción, salas de ensaio e repositorios de vestiario. Asistencia, pola tarde, a unha produción do CDG.

Alumnado implicado (e modo de selección) 2º curso de todas as especialidades.

Período/s e lugar/es de preparación/realización 14 de marzo, no Salón Teatro

Repercusións económicas Traslado do alumnado a Santiago de Compostela.

Necesidades que se prevén

AC7.1c - O acceso ao sector escénico e audiovisual

Docente/s responsable/s Por determinar

Obxectivo Dar a coñecer ao alumnado as diferentes vías de acceso ao sector profesional no noso país.

Descrición O alumnado da ESADg fará unha lista de dúbidas, cuestións, problemas que lle esperta o acceso á profesión teatral e audiovisual. Profesionais do CDG, Escena Galega e a AAAG acudirán á sede da ESADg para darlles resposta a esas preguntas. A continuación, desenvolverase un exemplo didáctico dun casting.

Alumnado implicado (e modo de selección) Todo o alumnado de todas as especialidades de 3º curso

Período/s e lugar/es de preparación/realización 30 de novembro entre 11:00 e 14:00 na ESADg.

Repercusións económicas Aínda por determinar.

Necesidades que se prevén Aínda por determinar.

AC7.1d - A promoción dun espectáculo: o pitching

Docente/s responsable/s Por determinar



Obxectivo

Descrición	No Salón Teatro, o alumnado da ESADg presentará os proxectos dos seus Traballos Fin de Estudos diante do equipo de dirección e produción do Centro Dramático Galego, co fin de achegarlles un retorno que axude, a quen deles quixer, a adaptar ese traballo ao marco profesional.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todas as especialidades de 4º curso
Período/s e lugar/es de preparación/realización	17 de abril, no Salón Teatro
Repercusións económicas	Traslado a Santiago de Compostela
Necesidades que se prevén	Aínda por determinar

AE1.2a - Curso de *Esgrima escénica*, con Aldán Acosta

Docente/s responsable/s	Vicedirección.
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado da AESAD (na organización) e persoas da comunidade educativa da ESADg como asistentes.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Realizarase o mércores 4 de outubro, entre 16:00 e 17:30, nunha aula práctica da ESADg.
Repercusións económicas	Non se contemplan.
Necesidades que se prevén	Non se contemplan.

AE1.2b - Curso de *Adestramento físico actoral*, con Antonio Puga

Docente/s responsable/s	Vicedirección.
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado da AESAD (na organización) e persoas da comunidade educativa da ESADg como asistentes.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Realizarase o martes 24 de outubro entre 16:00 e 17:00. De preferencia, na aula P7 ou na P10.
Repercusións económicas	Non se contemplan.
Necesidades que se prevén	Precísase que o espazo conte con saída de audio para conectar unha tablet e que a aula conte cun espello.

AE3.1 - Simulación médica no Hospital Álvaro Cunqueiro

Docente/s responsable/s	Nuria Montero.
Obxectivo	Colaborar nos talleres de formación de medicina (MIR) e enfermería xinecolóxica e obstétrica (EIR) impartidos no



	Hospital Álvaro Cunqueiro.
Descrición	Diversas profesionais da saúde instrúen o alumnado da ESADg para poderen recrear a sintomatoloxía e estados psicofísicos de pacientes con doenzas específicas. Logo, durante os cursos, créanse "escenarios de casos", é dicir, simulacións interactivas nas que as sanitarias en prácticas se enfrontan a problemáticas que o alumnado da ESADg encarna.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Un mínimo de 2 persoas de 3º ou 4º curso de interpretación, seleccionadas pola súa similitude en idade, morfoloxía, rexistro condutual... coas pacientes prototípicas dos casos que nos cursos do MIR / EIR se desexen recrear.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Realízase toda a actividade no Hospital Álvaro Cunqueiro, en diversos cursos que se van organizando ao longo do ano. Nos próximos meses prevense, entre outros: "Hemorragia postparto", "Distocia" e "Emerxencias obstétricas".
Repercusións económicas	Ningunha.
Necesidades que se prevén	Ningunha.

AA1.1 - Celebración do 170 aniversario do Faro de Vigo

Docente/s responsable/s	Ricardo Solveira (coordinación), Alejandra Montemayor (iluminación) e David Mortol (espazo escénico).
Obxectivo	Colaborar co Faro de Vigo nun acto conmemorativo.
Descrición	Realización dun espectáculo que poña en valor os 170 anos do diario vigués.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Seis alumn@s de interpretación, unha alumna de escenografía e un ex-alumno de interpretación.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Ensaio polas tardes na ESADg até o día da función, que será o xoves 26 de outubro no vestíbulo do Auditorio Mar de Vigo.
Repercusións económicas	Todos os custos da produción van ser asumidos polo Faro de Vigo.
Necesidades que se prevén	

AA1.2 - Coro da ESADg

Docente/s responsable/s	Marión Sarmiento
Obxectivo	
Descrición	
Alumnado implicado (e modo de selección)	Todo aquel que desexa participar na actividade.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Ensaio na ESADg os luns de 16:30 a 18:30. Actuacións aínda non decididas.
Repercusións económicas	Non se contemplan.
Necesidades que se prevén	Non se contemplan.



AA1.6a - Participación na Giornata Mondiale della Commedia dell'Arte	
Docente/s responsable/s	Nando Llera
Obxectivo	Participar, representando un espectáculo de Commedia, na Giornata, que se celebra en Nancy.
Descrición	Convídase á ESADg a representar o venres 23 de febreiro ás 19h no Círculo do Traballo de Nancy (un espazo interior) e o sábado 24 de febreiro, pola mañá, no mercado de Seichamps, ao aire libre. Pase aberto na peza durante a semana anterior, na ESADg.
Alumnado implicado (e modo de selección)	Alumnado de 3º de Interpretación Textual.
Período/s e lugar/es de preparación/realización	Do mércores 21 de febreiro ao luns 26 de febreiro, en Nancy (Francia)
Repercusións económicas	Non se contemplan, pois corre cos gastos desta viaxe a Asociación "AuxActesCitoyens".
Necesidades que se prevén	Non se contemplan.

AA1.9–II Edición dos Premios Emilia Pardo Bazán	
Docente/s responsable/s	Ricardo Solveira (coordinación)
Alumnado implicado (e modo de selección)	Ex-alumn@s de interpretación
Período/s e lugar/es de preparación/realización	O evento terá lugar no mes de novembro, en Vigo. Os ensaios virán dados pola data e a dispoñibilidade do elenco.
Repercusións económicas	O Faro de Vigo faise cargo de todos os gastos da produción.

7. NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Para a súa planificación e execución, as actividades aquí recollidas terán en conta as seguintes indicacións:

1. As actividades complementarias e extraescolares son froito do esforzo colectivo de toda a comunidade escolar. Por iso, é moi importante que todas as propostas se difundan axeitadamente e que, a maiores, se promova a avaliación das mesmas, o cal permitirá un maior proveito pedagóxico tanto para as persoas directamente implicadas como para outras que non o están.
2. As seleccións de alumnado participante en todas as actividades do centro, así como os criterios determinados para tales escollas, deberán ser coñecidas e xustificadas pedagoxicamente, de xeito que o Consello Escolar poida aprobar esas actividades e avaliar o seu desenvolvemento.



3. Toda actividade que implique a **saída de alumnado ou profesorado** do centro debe ser **comunicada ao equipo directivo cunha antelación mínima dunha semana**. Se a saída non recibe autorización, non se poderá realizar.
4. Logo de se ter aprobado este Programa no Consello Escolar, se xorde a posibilidade de realizar calquera outra actividade non contemplada aquí, terá que ser convocado o Consello Escolar para que a valore e, de ser o caso, a valide. Sen esa autorización previa non poderá realizarse, salvo se o Consello Escolar faculta expresamente ao equipo directivo para que organice, durante o presente curso, actividades non recollidas neste Programa mais que sexan similares a outras aquí recollidas, tanto na súa tipoloxía, obxectivos, necesidades e tempos e espazos de realización. Un exemplo: a realización dunha mostra dunha disciplina que, a principios do curso, non estaba prevista mais que, logo dunha adaptación pactada no programa docente dunha disciplina, se viu proveitoso realizar.
5. En todas as actividades nas que participe a ESADg respectaranse as normas establecidas no Plan de Convivencia do centro.



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA SUPERIOR DE
ARTE DRAMÁTICA
DE GALICIA

esadg

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

NO 2º CUADRIMESTRE

Curso académico 2023-2024



ACTIVIDADES XA APROBADAS POLO CONSELLO ESCOLAR

ACTIVIDADE e lugar de realización	DATA E HORARIO	INCIDENCIA NAS CLASES
Día Mundial da Commediadell'Arte [ESADg]	15 de febreiro ás 16:30	-
GiornataMondiale dellaCommedia [Nancy, Francia]	Do martes 20 ao luns 26 de febreiro	Alumnado de 3º de Interpretación Textual e 2 docentes
Día Internacional da Muller [ESADg]	Venres, 8 de marzo	Suspensión das clases a partir das 12:00
Obradoiro Integrado Textual [Sala Ártika]	Do 11 ao 15 de marzo (todo o día)	Posible ausencia do alumnado de Obradoiros a materias de 4º curso.
CDGlab: Os oficios artísticos e as infraestruturas escénicas [Salón Teatro, Compostela]	Xoves, 14 de marzo	Mañá e tarde en Compostela con todo o alumnado de 2º curso.
Obradoiro Integrado Xestual [Sala Pedra Seixa]	Do 18 ao 22 de marzo (todo o día)	Posible ausencia do alumnado de Obradoiros a materias de 4º curso.
Día Mundial do Teatro + Torneo de Contos tradicionais + Presentación Erregueté [ESADg]	Xoves, 21 de marzo	Suspensión das clases a partir das 12:00
Proxecto Nós-Nous [Compostela, Porto, Lisboa, Lyon]	De luns 8 de abril a 30 de xuño	4 alumnas, xa seleccionadas, de 4º curso
Setkaní/Encounter [Brno, Chequia]	Do 16 ao 20 de abril	Alumnado do Obradoiro Integrado Textual e 2 docentes
CDGlab: A promoción dun espectáculo. O pitching [Salón Teatro, Compostela]	Mércores, 17 de abril	Mañá e tarde en Compostela con todo o alumnado de 4º curso.
Innovart [Compostela]	Xoves 18 e venres 19 de abril	Profesorado e un grupo de 3º de Interpretación textual
PerformanceLab do Proxecto Nós-Nous [ESADg]	Martes 14 e mércores 15 de maio	Charlas e conferencias dirixidas ao alumnado de 4º curso
Mostras e aulas abertas de maio [ESADg]	Do luns 20 ao venres 31 de maio	-
CDGlab: Os oficios técnicos e as infraestruturas escénicas [Salón Teatro, Compostela]	Sen determinar	Mañá e tarde en Compostela con todo o alumnado de 1º curso.
Charla con Euloxio Rodríguez Ruibal sobre o dirección artística en cine e teatro	Sen determinar	Alumnado de escenografía, dirección escénica e dramaturxia
Ópera Le Villi [A Coruña]	31 de maio e 2 de xuño ???	???



ACTIVIDADES PENDENTES DE APROBACIÓN

ACTIVIDADE e lugar de realización	DATA E HORARIO	INCIDENCIA NAS CLASES
Prácticas de movemento en realidade virtual [Escola de Ciéncias e Tecnoloxía da Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro]	Sen determinar	Alumnado de Interpretación Xestual
Lectura dramatizada da <i>Morte accidental dun anarquista</i> [Riolagares, Vigo]	25 de xaneiro ás 20:00	-
SIT-COM TV [CIFP Audiovisual de Vigo]	20 e 27 de febreiro, 5 de marzo; todo o día de 8:30 a 15:00	Alumnado seleccionado
Curso de debate e oratoria [ESADg]	Ao longo do cuadrimestre, fóra do horario lectivo	-
Prácticas en lugares urbanos e naturais [?]	Sen determinar	Horario da materia de <i>Prácticas de interpretación VI</i>
Conferencia de Armando Requeixo sobre LuisaVillalta [ESADg]	Martes, 23 de abril, ás 12:00	Alumnado de materias de Investigación escénica, Literatura Dramática, Pedagogía Teatral e Historia das Artes do espectáculo
ESADfest [Málaga]	Do 29 de abril ao 3 de maio	2-3 docentes e o alumnado do Obradoiro Integrado Xestual
Foro de expresión corporal [ESADfest - Málaga]	1 e 2 de maio	1 docente
Espazo-Obxecto-Texto [ESADg]	Semana das Letras Galegas	Sen determinar
Mostras e aulas abertas de maio [ESADg]	Do 20 ao 31 de maio	-
A ESADg no Concello [Auditorio do Concello de Vigo]	31 de maio, 1 e 2 de xuño	-
O galego, a nosa ferramenta [ESADg]	Sen determinar	?
Dígocho eu das artes do espectáculo	-	-
Podcast de Historia do espectáculo en Galicia	-	-
Painel da lingua	-	-
Actividade sobre acentos e variedades lingüísticas	-	-
Obradoiro de videobook	-	-
Cafés na ESADg	-	-



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA SUPERIOR DE
ARTE DRAMÁTICA
DE GALICIA

esadg